

Novas tecnoloxías

Observa, le e aprende.

Un dos maiores **avances** dos últimos tempos produciuse no campo das **comunicacións**.

Antigamente, as comunicacións eran lentas e escasas. As persoas coñecían as noticias polos **xornais**, a **radio** e, posteriormente, pola **televisión**.



Actualmente, **Internet** permitiu que esteamos informados do que sucede no mundo case no mesmo momento no que está pasando.

O mesmo sucede coa **comunicación entre as persoas**. Antigamente, escribían **cartas** que tardaban semanas e meses en chegar, e as chamadas por **teléfono** eran caras e complicadas.



Na actualidade, os **teléfonos móbiles** permiten estar permanentemente comunicados. Ademais, coa maior parte dos teléfonos móbiles podemos conectarnos a Internet e buscar información, consultar o correo electrónico....

1 Describe coas túas palabras para que serve un teléfono móbil.

- En grupos, investigade todas as utilidades dun móbil e face de un mural. Non esquezaades incluír imaxes!

O ordenador

Observa, le e aprende.

O **ordenador** é unha máquina coa que podemos escribir, conseguir información, comunicarnos, aprender e divertirnos. Para utilizalo debemos coñecer as súas partes e como funciona.

Recorda

Co ordenador podes navegar por Internet, pero recorda que debes utilizalo sempre baixo a supervisión dun adulto.

O **monitor** permítenos ver o que estamos facendo.

Co teclado podemos escribir.

Na **CPU** están os compoñentes que fan que o ordenador funcione.



A **Impresora** é unha máquina que imprime textos, debuxos, fotografías, etc., que enviamos desde o ordenador.



O **rato** permítenos movernos pola pantalla e facilitanos o manexo do ordenador.

- 1 Tamén existen ordenadores portátiles nos que todos os compoñentes están integrados nunha mesma máquina. Fíxate na imaxe e escribe **monitor**, **teclado** ou **rato**, onde corresponda.

